

FICHA 14. Conto

Nome _____ Data _____

O xenio e o pescador

Hai moito, moito tempo, un humilde pescador vivía nunha casiña á beira do mar. Aquel home soamente tiña unha barca e unha rede vella. O seu único alimento eran os poucos peixiños que pescaba.

Unha mañanciña, saíu ao mar. Lanzou a rede á auga e agardou. Cando a recolleu, nela viña unha xerra preciosa.

–Oh, que xeitosiña! –dixo.

O pescador quitoulle o tapón á xerra. Nada máis abríla, de dentro saíu unha espesa columna de fume. O home espantouse unha barbaridade. Aquela fumareda converteuse nun xenio que falou así:

–Teño que che dar unha mala noticia. Quen me saque da xerra ten que morrer.

En sentindo estas palabras, o pescador dixo:

–E por que teño que morrer?
Eu salveite de estares sempre encerrado dentro da xerra.
Ademais, coa miña morte, non gañas nada.



O xenio mirouno sen lle dicir palabra. Así que o pescador engadiu:

–Ben. Pois se hei de morrer, polo menos déixame pedirche un desexo. Merézoo por sacarte da lámpada. Ou non?

–De acordo –respondeu o xenio–. Concédoche o teu derradeiro desexo. Fala.

–Só desexo que me digas a verdade. Como puidiches entrar nesta xerra? Aquí non colle nin a túa man.

–Non o cres? –dixo o xenio molesto.

–Pois non –dixo o pescador–. Tería que ver cos meus ollos como te metes.

Se non, nunca o crerei.

O xenio ferido no seu orgullo, volveu converteuse nunha gran columna de fume. Pouco e pouco meteuse na xerra por completo.

Cando estaba dentro de todo,

o pescador agarrou o tapón e tapou ben forte a xerra.

Deste xeito salvouse do maleficio do xenio.



Lingua +

COMPLETA O CONTO

- *Escrebe unha etiqueta para poñer na xerra e advertir a quen a atope de que é perigoso abri-la.*



1 Marca a opción correcta en cada caso.

- A xerra apareceu na praia.
- A xerra viña enganxada na rede.
- O xenio saíu cando o pescador lle sacou o tapón á xerra.
- O xenio saíu cando o pescador fretou a xerra.

2 Quen di isto? Une.

Lingua+



Teño que che dar unha mala noticia.



Cal é esa mala noticia? Escribe.

Paréceche xusta a actitude do xenio? Explica.

3 Que desexo lle pediu o pescador? Escribe.

4 Que personaxe che parece máis listo? Por que?

Paréceme máis listo

 porque

5 Pensa e escribe outro título para o conto.

6 Imaxina que atopas un xenio bo.
Que desexo lle pedirías?

